

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 05/12/2013, adoptou acordo relativo á modificación da base III das específicas da convocatoria de tres prazas de Inspector de Medio Ambiente, publicada no BOP nº 210 de 31 de outubro de 2012 e no DOG nº 240, de 18 de decembro de 2012, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2010-2011 -primeira fase-, que pasaría a contar coa seguinte redacción:

Modificar a base III das específicas da convocatoria de tres prazas de Inspector de Medio Ambiente, publicadas no BOP nº 210 de 31 de outubro de 2012 e no DOGA núm. 240 de 18 de decembro de 2012, que pasaría a contar coa seguinte redacción:

“III.- Sistema de Selección.

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas da oferta de emprego público correspondente aos anos 2010 e 2011 e resérvanse todas elas para a quenda de promoción interna entre persoal funcionario ou laboral integrado no grupo C2 de titulación que desempeñe funcións de inspección e que contén, cando menos, cunha antigüidade de dous anos no corpo, escala ou subescala de orixe.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin a vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Vigo, 11 de decembro de 2013
O CONCELLEIRO-DELEGADO
DE XESTIÓN MUNICIPAL,

Carlos López Font